



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 478/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE NOVEMBRO DE 2018.

- 1.- Ratificación da urxencia.

#### DEPORTES

- 2.- Bases e convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro orientadas á mellora en campos de fútbol da cidade de Vigo. Expte. 18005/333.

#### EDUCACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación do subministro de material e alugueiro de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6). Expte. 21790/332.

#### FESTAS

- 4.- Clasificación de ofertas para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019. Expte. 7644/335.

#### IGUALDADE

- 5.- Prórroga de estancia na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais con número E-638-C-7, por un período máximo de tres meses. Expte. 8268/224.

#### RECURSOS HUMANOS

- 6.- Nomeamento interino dun/dunha enxeñeiro/a industrial por execución da ampliación do programa temporal (Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional) ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado "Vigo vertical". Expte. 32908/220.

#### SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS

- 7.- Rectificación de erro no expediente de contratación de subministros e servizos dun sistema de xestión de emerxencias con equipo de xeolocalización para o Servizo de Bombeiros e en consecuencia no acordo da X.Goberno local do 29/11/18. Expte. 35/2131.

### SERVIZOS XERAIS

- 8.- Adxudicación da contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade. Expte. 109/441.
- 9.- Proposta para declarar deserto o procedemento para contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal. Expte. 13397/445.
- 10.- Proposta de aprobación do proxecto de “Humanización da rúa Ronda don Bosco”. Expte. 3700/443.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **29 de novembro de 2018, ás 14,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

JRB/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, (RA 28/11/18)  
Francisco Javier Pardo Espiñeira.